

**1** Forma os diminutivos destas palabras engadindo **-iño, -iña**:

horta → ..... vento → ..... grilo → .....

flor → ..... nai → ..... fillo → .....

**2** Escribe ao lado de cada oración o pronome persoal que corresponde ás palabras subliñadas:

– Laura ten unha horta. ....

– A Xoán gústalle escoitar os grilos. ....

– Suso, Inés e mais eu somos amigos. ....

– Laura e Inés tamén se levan ben. ....

– Suso e ti atopastes unha xoaniña. ....

– Vou ir ao campo con Sara e mais con Raúl. ....

**3** Completa con **bu-, bur-** ou **bus-**:

.....farda      .....bullas      .....car      .....la

.....rato      .....xaina      .....que      .....cador

**4** Le o seguinte poema e contesta as preguntas:

Polo corredor do ceo  
pasea a nube o seu don;  
lévache pendentes de auga  
e camisa de algodón.

Polo corredor do ceo  
escapa a nube redonda;  
no fondo dos ollos leva  
augas das pozas máis fondas.

Ana M.<sup>a</sup> Fernández: *Pola rúa dos versos*, Ed. Edelvives (adaptación).

- Cantas estrofas ten o poema? .....
- Cantos versos ten cada estrofa? .....
- Que palabras riman na 1.<sup>a</sup> estrofa? ..... e .....

**5** Colorea os recadros que conteñan palabras que riman:

bolboreta  
violeta

verme  
vermello

caravel  
chuchamel

camelia  
camelo

xasmín  
xardín